



FEDERACIÓN GALEGA
DE FÚTBOL



COPA
DA COSTA
TEMPADA 2016-17

FINAL COPA DA COSTA

TEMPADA 2016-17

C.F.
DUMBRIA



VS

S.D. FISTERRA



C.F. DUMBRIA

S.D. FISTERRA

DOMINGO, 25 DE XUÑO DE 2017

18:30 HORAS

ESTADIO MUNICIPAL SAN PAIO DE REFOXOS - CEE



ENTRADAS: 5€. Á venda na taquilla do estadio desde unha hora e media antes do partido

Unidos polo fútbol galego

www.futgal.es



Iván Fernández
Santiago

Copa do Sar: 50 anos albergando ilusións

As vodas de ouro dun torneo ao abeiro do que medrou o fútbol da contorna achega multitude de historias marcadas polo anhelado común de erguer un título de prestixio.

A Liga e a Copa do Sar naceron na tempada 1967-1968, como un paso máis na evolución do fútbol santiagués e as comarcas limítrofes. Ata ese momento, o fútbol compostelano gozaba de competicións como a Liga e a Copa de Modestos, pero non así os equipos doutras comarcas, que unicamente disputaban amigables entre distintas parroquias ou partidos ao xeito dos tradicionais enfrontamentos entre solteiros e casados. Serían os equipos da zona do Sar os que impulsarían a creación da Liga e a Copa do Sar. "Lestrove, Padrón, Esclavitud e San Antonio de Herbón foron os que iniciaron a Liga do Sar", rememora José Manuel Camiña, presidente naqueles anos do Padrón Frente Juventudes, campión da primeira edición da Copa. "Despois uníronse catro equipos máis: Rápido de Seira, Calo, Juventud de Boiro e Pazos", engade Camiña. A Liga e a Copa naceron a consecuencia de Julio Prol, o delegado da Federación Galega de Fútbol en Santiago. "Fixemos unha reunión cos equipos da zona do Sar, porque alí o fútbol estaba decaído", afirma José Manuel.

O Padrón Frente Juventudes converteuse no primeiro campión, gañándolle ao Esclavitud por 4-1 nos dous partidos polo título. Precisamente a SD Esclavitud, único equipo participante nas cincuenta edicións baixo o mesmo nome, facía coincidir a súa fundación coa primeira edición da Copa. Contrariamente ao que sucede na actualidade, as primeiras finais disputábanse a dobre partido, necesitado nalgúns casos dun terceiro encontro de desempate.

Laíño e Sar protagonizaron, na tempada 1971-72, a primeira final a tres partidos, converténdose tamén no primeiro título decidido desde o punto de penalti, a favor

As lembranzas que máis acoden á mente de José Manuel Camiña ao repasar os inicios da Copa do Sar son os referentes ás dificultades atopadas para levar adiante a

onde meternos, para ter un local", lembra Camiña. O torneo copeiro foi gañando en importancia co paso dos anos. O número de equipos participantes



do Laíño, despois de tres empates nos tres partidos. A aquel campión inicial, adestrado por José Otero, o Patitas, tocoulle desenvolverse nun fútbol moi diferente ao que coñecemos nos nosos días, un deporte moi escaso de medios e seguimento. A Copa do Sar serviu para dar un pulo á práctica do fútbol, amparando tamén o nacemento doutros novos equipos. "O fútbol estaba en decadencia e coa Liga e a Copa tanto os equipos como a afección foron in crescendo. Incluso os seguidores empezaron a desprazarse".

xestión e a creación dun equipo de fútbol: "Nós tiñamos a Sociedade Deportiva Padronesa, un equipo de afeccionados, que nos

foi aumentando, ao tempo que se unían equipos de máis comarcas. Tamén as categorías inferiores comezaban a disputar o seu propio campionato. O auxe era tal que o ambiente estaba garantido en calquera partido, sobre todo nas finais, con algunha que chegou a congrega a máis de dous milleiros de seareiros. Para moitos equipos, a ilusión propia dun torneo copeiro viña acrecentada pola posibilidade de eliminar a un equipo de superior categoría, ata a desaparición dos conxuntos de Preferente do dito torneo, na presente década.

A importancia que a Copa do Sar chegou a adquirir para moitas escuadras reflíctese no feito de que, unha vez rematada a competición regular, había conxuntos que se reforzaban coa única finalidade de afrontar o torneo copeiro. "Había equipos que plantexaban todo o campionato en función da Copa do Sar", afirma Chus Baleato, bo coñecedor da Copa despois de gañar unha final e perder outra, cun equipo, a SD Dubra, que gañou tres títulos e caeu noutros cinco. Porén, o equipo que pode presumir de ser o campión de campións é o Sigüeiro. A partir da tempada 1994-1995 disputárase o Supertrofeo EL CORREO GALLEGO, cun trofeo de forma similar á Copa do Rei, que lle sería entregado ao equipo que o gañara en tres ocasións seguidas ou cinco alternas. Ningunha escuadra foi quen de facelo, polo que no ano 1999 organizárase un torneo entre os campións do Supertrofeo para conquistalo en propiedade. Conxo, Campo, San Mamed e Sigüeiro loitaron por ser o campión de campións, con mellor sorte para este último.

Na presente edición da Copa do Sar, a da tempada 2016-2017, participan un total de 66 equipos. Ata a actualidade contabilízanse 26 campións distintos, tendo en conta que o Flavia gañou baixo tres denominacións (Padrón Frente Juventudes, Padrón SD e Flavia SD), o Airiños do Ulla tamén gañaría como Boqueiriños, e o Bertamiráns venceu unha edición co seu primeiro equipo e outra co filial. Entre Val do Ulla, Bastavales, Piloño e Taragoña sairá o campión na tempada do cincuenta aniversario da Copa do Sar. ■

Historias á beira da gloria

Ademais de converterse no primeiro campión da historia da Copa do Sar, gañando a edición inaugural da temporada 1967-1968, o Flavia, coñecido naquel momento como Padrón Frente Juventudes e posteriormente Padrón SD, é actualmente o máximo gañador do torneo, cun total de oito títulos acadados. San Mamed, con cinco vitorias, e Dubra e Laíño, con tres cada un, compoñen o cadro de honra dos máximos campións.

A Copa do Sar amosouse como un torneo esixente ao longo da historia, con só tres equipos capaces de revalidar o título (Laíño, San Mamed e Flavia, este tamén como Padrón), pero sin ningunha escuadra capaz de acadar tres trunfos seguidos. Aínda que forma parte dos máximos campións, unha lenda negra parece acompañar a traxectoria do Dubra nas finais, con cinco derrotas de oito

intentos. Lonxe de lamentar as derrotas, Chus Baleato, actual adestrador que gañou unha e perdeu outra como xogador, pon en valor o feito de alcanzar tantas finais, algo que non moitos equipos conseguiron. "A pesar de perder cinco finais, tamén é unha honra chegar".

O Flavia, en trece ocasións, coas súas distintas denominacións, e o San Mamed e o Dubra en oito, tiveron presenza en máis da metade das finais disputadas, das que saíron un total de 26 campións. Sen recibir a honra dos gañadores, o Cacheiras, con tres finais perdidas, encabeza a lista de equipos que merecen o seu particular recoñecemento por ter chegado á final sen conquistar nunca a gloria do título: Sar, Colexiata do Sar, Hijos de Palmeira, Lampón, Bastavales, Trazo, La Baña, Luaña, Cobas, Carreira, O Pino, Grixoa, Estudiantil, Lamela, Chaian, Piloño, e Pazos. ■



O Dubra gañou 3 finais e perdeu 5.

Sigüeiro, campión de campións

O Sigüeiro CF pode presumir de ser o campión de campións, ao conquistar o Supertrofeo EL CORREO GALLEGO entre todos os seus campións. Desde a tempada 1994-1995 a Copa do Sar pasou a disputar o Supertrofeo EL CORREO GALLEGO. Entre as súas bases, para facerse co trofeo en propiedade, valorado nunhas 500.000 pesetas da época, un equipo debía gañalo en tres edicións seguidas ou cinco alternas. Desde o primeiro momento quedou patente a dificultade para conseguir tal feito, polo que anos despois, no verán do 1999 decidiuse organizar un torneo entre os equipos que gañaran o Supertrofeo ata ese momento. Os participantes foron



para habilitar a Maikel cun pase milimétrico que significaría o segundo e definitivo tanto. A segunda parte sobrou, cun San Mamed que rematou con dous homes menos por expulsión de David e Iñaki. Case vinte anos despois, José Balsa, o encargado de levantar ese trofeo con forma similar ao da Copa do Rei, lembra o partido, se ben na súa memoria se exhibe como máis complicado do que puideran dicir as crónicas "Foi un partido disputado como todos cos que xogabamos contra ou San Mamed, duros, de rivalidade". Os propios xogadores do Sigüeiro, aínda que finalmente gañaron, eran conscientes de que o San Mamed partía con máis posibilidades de acadar o título dado o seu potencial. "O San Mamed gañara as anteriores edicións e sempre estaba aí", —analiza Balsa— "era un equipo que na Copa sempre estaba arriba". Porén, o torneo de campións demostrou que o tempo non pasa en balde. En catro anos, dende a primeira edición, houbo equipos que caeran, vítimas de éxitos anteriores. "Xogamos os campións das

catro últimas edicións, pero o Campo, por exemplo, baixara bastante de nivel, porque xa había catro anos desde que gañaran, e moita xente fórase xa a outros equipos", relata José Balsa, que na actualidade cambiou a súa destreza no campo pola súa faceta de directivo do Sigüeiro.

O billete do Sigüeiro para disputar o Supertrofeo EL CORREO GALLEGO entre todos os campións foi a súa vitoria na Copa do Sar da tempada 1996-1997, cun 1-0 ante o Conxo. Tamén desa edición lembra Balsa o gran apoio da xente na final: "O ano que gañamos a final foron dous autobuses de xente ao campo do Cordeiro, en Baño". Cunha única presenza na final da Copa do Sar, dúas se contamos a final por converterse en campión de campións, o Sigüeiro fixo boa a máxima de que as finais non se xogan, senón que se gañan. O cadro orosán gañou as dúas finais que disputou, unha no Supertrofeo de campións e outra na Copa do Sar, facéndose cun trofeo de prestixio, como se encarga de apuntar José Balsa, que disputou aqueles partidos polo título como mediocentro: "A Copa do Sar era un trofeo moi prezado. A xente respondía indo ao campo. Sigüeiro sempre foi un equipo de Copa. E sempre había moita afección". ■

PALMARÉS	
Equipo	Número de triunfos
Flavia SD (Padrón F. Jvtds., Padrón SD)	8
CD San Mamed	5

Laíño CF	3
SD Dubra	3
Compostela At.	2
CF Silleda	2
Calo SR	2
CD Unión	2
Airiños do Ulla CF (SD Boqueiriños)	2
Bertamiráns CF (Bertamiráns B)	2

Praña SC	1
C At. Puente Ulla	1
Tapia SD	1
SD Esclavitud	1
CF Noia	1
Portomouro CF	1
C At. Fátima	1
Bugallido CF	1

CCD Taragoña	1
CD Conxo	1
Campo FC	1
Sigüeiro CF	1
Santiago de Compostela CF B	1
At Riveira	1
SD Vilvestro	1
SD Urdilde	1